

Fase: 12

Barrio: San Pablo – Sta Mariña

Data: 17 de setembro – 7 de outubro de 2018




12.1 Actuacións sobre as demandas de augas

As demandas na área de augas atendidas nos barrios de San Pablo – Sta. Mariña representan o 9,49 % do total das actuacións feitas durante o período que vai dende o 17 de setembro ao 7 de outubro de 2018 dentro do **Programa Barrio a Barrio + Cidade**.

Respecto das actuacións de augas neste barrio foron de 4 tipos: se falamos das máis numerosas temos as **carácter/mantemento preventivo** que representaron o 73,33% das actuacións. En porcentaxes menores están as de **mantemento correctivo** cun 13,33%, e as de **diagnose e control de calidade do servizo** cun 6,66% cada un.

Gráfico 12.1.a
Tipos de actuacións na área de augas



Fonte: EMAFESA. Elaboración: Propia.

Dentro destas tarefas de **mantemento preventivo** observamos que as máis numerosas son as inspeccións varias e a detección de fugas visibles con xeófono/correlador cun

36,36% cada unha delas. No caso das inspeccións varias falamos das realizadas sobre bocas de rego e hidrantes, tapas e pozos de rexistro, sumidoiros, e aquelas feitas con cámara TV.

Imaxe 12.1.a




Detección de fugas mediante equipo xeófono/correlador e inspeccións varias (Fonte: EMAFESA)

As devanditas inspeccións foron realizadas entre outras localizacións nas vivendas de San Pablo, Casquido, Loureiro, Camiño do Tiro e Avenida de Sta. Mariña. Respecto das **deteccións de fugas con dispositivos xeófono/correlador** as actuacións estiveron centradas na Avenida de Santa Mariña números 46 -48, e 229 ademais da rotonda do devandito barrio.

En segundo lugar temos cun 18,18% do total das actuacións de mantemento preventivo as **tarefas referidas á limpeza de sumidoiros e finais de rede** que tiveron lugar sobre todo nas vivendas de San Pablo, Camiño do Loureiro e Avenida de Santa Mariña.

Gráfico 12.1.b



Fonte: EMAFESA. Elaboración: Propia.

Finalmente e dentro destas tarefas de mantemento preventivo está a **revisión de válvulas e arquetas** que significaron un 9,09% das tarefas realizadas que sobre todo tiveron lugar na Avenida de Sta. Mariña e nas Vivendas de San Pablo.

Fóra das actuacións de mantemento preventivo, temos en porcentaxes significativas os labores de **mantemento correctivo** cun 13,33%. Estas actuacións estiveron centradas en **corrixir e reparar as fugas detectadas mediante inspeccións varias** que se realizaron nestes dous barrios. Neste caso e de xeito importante a destacar as tarefas de arranxo

realizadas na Avenida de Sta. Mariña, 46-48 nas que se procedeu a reparar as fugas detectadas na canalización de fibrocemento FC-48. (Imaxe 12.1b)

Imaxe 12.1.b



Reparación de canalización de fibrocemento (Fonte: EMAFESA)

Finalmente cunha porcentaxe de 6,66% foron realizadas tarefas de **control da calidade do servizo**, e de **diagnose** no que ten que ver *coa circulación da rede de sumidoiros*, na que foi analizada toda a rede de saneamento do barrio, así como as necesidades de melloras que se poidan atopar para a mellora do servizo.

Imaxe 12.1.c



Campaña de inspección e limpeza do servizo de sumidoiros (Fonte: EMAFESA)

12.2 Instalacións eléctricas

Os traballos totais realizados que comprenden as instalacións eléctricas dentro dos barrios , durante as 2 semanas de actuación foron 101.

Dentro desas tarefas realizadas diferenciamos entre:


1 Mantemento correctivo (67,67 %)

2 Mantemento preventivo (23,33 %)

Cando falamos de actuacións de ***mantemento correctivo***, facemos referencia a todos aqueles traballos que teñen coma finalidade arranxar avarías ou solucionar incidencias que afectan ao bo funcionamento das instalacións.

Figura 11.2.a

Tipos de actuacións nas instalacións eléctricas



Fonte: SICE. Elaboración: Propia

Dentro deste tipo de labores destacamos de xeito importante as **lámpadas repostas** que representaron as actuacións maioritarias deste tipo cun 83,58% das tarefas correctivas que tiveron lugar nestes barrios entre o período que vai dende o 17 de setembro ata o 7 de outubro de 2018, dentro do **Programa Barrio a Barrio + Cidade**. En segundo lugar a moita distancia temos os traballos en **arrincadores** (5,97%), **reactancias** (2,98%) e **fusibles** (7,46%).

Imaxe 12.2.a



Traballos de reposición de lámpadas (Fonte: SICE)

Figura 11.2.b



Elaboración: Propia. Fonte: SICE.

Xa noutro apartado están as actuacións de ***mantemento preventivo*** que son aquelas que teñen como finalidade a conservación das instalacións co fin de optimizar o seu funcionamento e alarga-la súa vida útil.

Foron un total de 34 intervencións nas que fundamentalmente atopamos os labores centrados nos **centros de mando e cadros de alumeadado** (49,98%), **luminarias** (29,58%) e **revisión de liñas** (20,53%). Traballos todos eles realizados na Estrada de Catabois, Casquido, Sagrada Familia, Seixo Blanco, cemiterio, Casal dos Ovos ou no Acceso Norte, entre outras localizacións.



Traballos de mellora nos cadros de mando (Fonte: SICE)

Máis polo miúdo as actuacións feitas en cada un destes apartados é o seguinte:

- Centros de mando: comprobación do estado do cadro: pechadura, ancoraxe e envolvente. Revisión de conexións e terminais (presión, quecemento, etc.). Limpeza xeral interior e exterior. Verificación das postas a terra onde sexa posible.

- Revisión de liñas e caixas de derivación: ancoraxe de liñas desprendidas e reposición de tapas de arquetas e columnas.

- Luminarias: Comprobación de fixacións. Revisión do correcto funcionamento de tubos e lámpadas. Revisión do estado das luminarias (acendido, pintura, suxeición do mecanismo, etc.). Limpeza exterior e interior de luminarias onde foi preciso. Comprobación de cables e conexións. Estado rexistro da base. Comprobacións dos portalámpadas, fusibles, bornas, caixas de derivación, cables de alimentación.

Ademais do comentado, fíxose unha revisión nocturna de tódolos puntos de luz do barrio para a detección de lámpadas apagadas, así como una inspección das columnas e báculos metálicos para comproba-lo estado das súas bases.

Dentro do grupo de outras actuacións (tanto de mantemento preventivo como correctivo) subliñar que foron atendidas as demandas das entidades veciñais como foi a reparación do alumeadado deficiente na zona de Loureiro e Casquido (Sta Mariña), así como a colocación de fusibles en contadores (en San Pablo e Sta. Mariña).

12.3 Actuacións de parques e xardíns

Os traballos na área de parques e xardíns nos barrios de Santa Mariña e San Pablo representaron o 19,62% das actuacións totais dentro do *Programa Barrio a Barrio + Cidade* nas 3 semanas que durou a intervención nesta zona. Dentro desa porcentaxe de 80,64% destacamos polo seu número os **traballos de limpeza** (56%) e **roza** (24%) realizados tanto en Santa Mariña na zona da Igrexa, no parque de Sta. Mariña, no parque do Paredón en San Pablo, entre outras localizacións.


En porcentaxes menores temos as **podas** que só representaron un 12% e foron realizadas no campo da Igrexa de Sta. Mariña ou no Parque do Paredón en San Pablo. Finalmente temos os traballos de **escardas e alcorques** que foron os minoritarios representando un 8%.

Figura 12.3.a



Fonte: UTE San Jose – El Ejidillo/Jardincelas. Elaboración: Propia.

Figura 12.3.b




Fonte: UTE San Jose – El Ejidillo. Elaboración: Propia.

No que respecta as actuacións en **parques** observamos unha porcentaxe maioritaria nos **labores de mantemento**, especialmente referidos aos aparatos da área de xogo ou biosaudable e que se leva o 50% da porcentaxe total. Falamos tanto de actuacións realizadas no parque infantil e biosaudable de San Pablo e Sta. Mariña.

O mesmo acontece coas **intervencións de limpeza** tanto no referido aos xogos ou o no caso das dúas instalacións en San Pablo (33,33%), como no caso da limpeza do chan continuo ou do areneo realizado en Sta. Mariña (16,66%).

Figura 12.3.c




Fonte: Jardincelas. Elaboración: Propia.

12.4 Actuacións de limpeza viaria

As tarefas de limpeza viaria que tiveron lugar nos barrios de Sta. Mariña e San Pablo representaron o 6,96% do total das actuacións. Desta porcentaxe as principais actuacións de limpeza viaria foron as de **roza e chapeo** (36,36%), **acondicionamento contedores** (27,27%), así como o **barrido mecánico** (18,18 %).

As tarefas de roza e chapeo foron realizadas por todo o barrio con especial atención ás zonas de maior tránsito. Seguindo as indicacións das peticións recibidas a través da OAC e da propia entidade veciñal, tivo lugar unha actuación especial no Camiño do Loureiro para acondicionar o paso de peóns no tramo cortado ao tráfico.

Figura 12.4 a



Fonte: Urbaser. Elaboración: Propia.

En segundo lugar en importancia están os **contedores e as papeleiras** nos que se fixo un traballo intensivo de limpeza e reposición daquelas que non estivesen en bo estado. En terceiro lugar temos que subliñar en importancia o **barrido mecánico** (18,18%) e o **baldeo** así como a **limpeza de sumidoiros** que rexistran a mesma porcentaxe de 9,09%.



Imaxe 12.4 a Actuación solicitada na Rúa Loureiro. Fonte: Urbaser

12.5 Datos resumo

De seguido achegamos o gráfico e os datos de resumo das actuacións realizadas durante o período sinalado no entorno dos barrios de Sta.Mariña e San Pablo, onde as actuacións maioritarias son as de **alumeado (63,92%)** e **parques e xardíns (19,62%)** . O total de actuacións son **218** en distintas áreas.

Táboa 12.5.a

Área:	Porcentaxes:
Augas	9,49 %
Parques e xardíns	19,62%
Alumeado	63,92%
Limpeza viaria	6,96%
Total de actuacións	218

Fonte: Informes actuación. Elaboración: Propia.

Gráfico 12.5.a



Fonte: Informes actuacións. Elaboración: Propia.